

12 MI RA DAS.

12miradas.com
info@12miradas.com
T. +34 981 216 252 / +34 627484802

Coa colaboración de:



E a participación de:



Solicitud de inscripción

NOME E APELIDOS

DNI OU PASAPORTE

DISCIPLINA NA QUE TRABALLA/ESTUDA

ENDEREZO

POBOACIÓN

CÓDIGO POSTAL

TELÉFONO

E-MAIL

OBRADOIRO CON

SINATURA

ACEPTO AS BASES
DESTA CONVOCATORIA

BASES

O programa de acción cultural 12 Miradas, comisariado por Carlos Quintáns e coordinado e impulsado por Laboratorio Vilaseco en colaboración con Corporación Hijos de Rivera, lanza unha nova convocatoria para un obradoiro impartido pola poeta Olga Novo, Premio Nacional de Poesía.

12 Miradas ten como obxectivo fomentar a creatividade no ámbito das artes plásticas, a creación literaria, o deseño, a arquitectura e as artes visuais, inspirando ás persoas como programa catalizador dunha actitude inconformista e curiosa, ao tempo que xera un impacto positivo na sociedade e sobre o territorio, urbano e rural.

Persoas beneficiarias

O obradoiro, de carácter práctico, está dirixido a estudantes e profesionais do ámbito da creación literaria.

Número de prazas e matrícula

Convócanse un total de 6 prazas, integralmente becasadas por Corporación Hijos de Rivera. A bolsa cubrirá os gastos de matrícula, material de traballo, dietas, aloxamento, estancia e 50 euros en gastos de transporte para participar no obradoiro.

Os resultados do obradoiro serán presentados nun recital público celebrado durante o mes de maio en colaboración con Normal, espazo de intervención cultural da Universidade da Coruña. As persoas que participen no obradoiro terán cubertos os gastos de

desprazamento e aloxamento para asistir ao recital.

Data, lugar e duración do obradoiro

O obradoiro terá una duración de tres días, do venres 14 de abril ao domingo 16 de abril do 2023, e realizarase no Espazo Vilaseco en San Cristovo de Mouricios (Chantada, Lugo) e na casa familiar de Olga Novo en Vilarmao (A Pobra do Brollón, Lugo).

Contido do obradoiro

O obradoiro, de carácter práctico, levarase a cabo en San Cristovo de Mouricios e Vilarmao ao longo de tres días. A primeira xornada terá lugar no Espazo Vilaseco en San Cristovo de Mouricios e estará dedicada á presentación dos e das participantes e á toma de contacto coa metodoloxía de traballo do obradoiro. Durante o segundo día, os e as participantes trasladaranse a Vilarmao para realizar un roteiro guiado pola poeta. Finalmente, o obradoiro concluirá cunha terceira xornada dedicada a preparar o recital que se celebrará durante o mes de maio.

Lugar e prazo de presentación

O prazo de presentación de solicitudes comeza o 21 de marzo e finaliza o 2 de abril de 2023.

A inscrición e o envío da documentación realizaranse a través do formulario web dispoñible en 12miradas.com

Documentación a presentar

As persoas interesadas en inscribirse deberán completar o formulario web de solicitude de inscrición dispoñible en 12miradas.com, ou ben descargar o PDF da solicitude de inscrición que encontrarán na mesma web e enviálo por correo electrónico a info@12miradas.com

En caso de que se opte polo envío a través de mail, ademais do formulario deberase achegar un arquivo PDF de non máis de 2MB que inclúa:

- nome completo
- disciplina na que se traballa/estuda
- teléfono de contacto
- un enderezo de correo electrónico
- unha breve biografía/CV
- unha breve carta de motivación

Proceso de selección

Unha vez aberta a convocatoria e recibidas as solicitudes, cada creador/a seleccionará as persoas candidatas, a quen se lles comunicará toda a información práctica para a realización do obradoiro.

Teléfonos de contacto

Galería Vilaseco +34 981 21 62 52
Silvia +34 686 86 72 31
Miriam +34 627 48 48 02

Links de interese

www.12miradas.com
www.vilaseco.com